

1 Líder

BASKET

premioslíder²⁰¹⁹
baloncesto-base lucense

19:30 horas

VENRES 17 MAIO

AUDITORIO FACULTADE DE VETERINARIA

Lugo



Estudiantes estará na final four

TRAS IMPOÑERSE EN OURENSE A CARMELITAS, as de Julia Pena loitarán por unha praza no campionato de España infantil feminino pese a todas as adversidades que tiveron que superar



A celeste Laura Mesa nun partido disputado no Anexo

50		53	
CARMELITAS		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Iglesias		Candela	
Fernández		Maria	
Cordero		Iria	
Novoa		Nerea	
Veiga		Naiara	
Marín		Lucía	
Parejas		L. Mesa	
Fernández		Carolina	
Ferreras		Marta	
Fabello		Celia	
Soto		L. Martín	
Fontenla			

Estudiantes estará na final four da Liga Galega infantil feminina. O conxunto que dirixe Julia Pena conseguiu o pase a falta dunha xornada tras superar unha segunda fase moi complicada, sobre todo en canto a ausencias por lesión.

Marta regresou no momento xusto, para selar o pase para a F4 en Ourense ante Carmelitas tras dous meses ausente por lesión.

A importancia da clasificación nunha Liga tan dura como esta vese en que as tres primeiras pra-

“Ya estamos en la F4, pero lo más importante es lo que han crecido estas jugadoras a lo largo de la temporada” JULIA PENA Estudiantes Leyma

5

PRIMEIRAS PLAZAS Celta, Bosco, Peleteiro, Allariz e Estudiantes rematarán nas cinco primeiras posicións, pero a falta dunha xornada o baile de postos aínda pode dar moito de si

1

VOLTA DE MARTA

Tras dous meses lesionada a xogadora celeste regresou no momento clave para axudar a clasificar ao Estudiantes para a F4 e chegar para disputar a ronda final da competición

zas aínda están no aire a falta dunha soa xornada. Celta, Bosco e Peleteiro chegan á última cita con opcións de título Galego.

Estudiantes recibirá a Bosco, un posible rival nas semifinais da final four, mentres que o Celta de Vigo mídese con Peleteiro, estas poden pasalas na clasificación si gañan por máis de tres puntos.

Estudiantes aproveitará esta última xornada para afinar a súa posta a punto cun test moi esixente no Anexo, pero xa cos deberes feitos tras aprobar o exame ante Carmelitas.

As lucenses presentáronse en Ourense conscientes de que cunha vitoria estarían na F4. O partido foi ata máis duro do que se esperaba, con moitos contactos, moitas faltas e cos catro cuartos moi igualados. Imponéndose Estudiantes ao estar máis acertado nos momentos craves do encontro.

A perdas de balón non forzadas foron o principal lastre das lucenses, mentres que a defensa o seu maior sostén, chegando ao último minuto con máis seis no marcador. A partir de aí complicouse o panorama con tres perdas de balón e catro puntos encaixados seguidos, ata dous tiros libres para remontar Carmelitas, pero o segundo non entrou.

Celia montou unha contra e cunha canastra e falta provocada selou o triunfo e a clasificación de Estudiantes para a final four, que a falta dunha xornada aínda non ten sede e poderíase disputar en Vigo, Ourense ou Santiago.

Chegou a hora da verdade

ESTUDIANTES chega á F4 coas espadas en todo o alto

53		51	
BOSCO		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
García		Miguel	
Reu		Cristian	
Vilan		Alex	
Rodríguez		Manu	
Cabido		Gabi	
Lorenzo		Joel	
Otero		Brais	
López		Diego	
Dapia		Oscar	
Fabio		Ruano	
		Fabio	

“Perder por dos puntos no cambia mi percepción sobre el trabajo semanal. Estamos listos para la Final Four” ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes



Joel a piques de finalizar unha entrada a canastra

Estudiantes perdeu en Ourense ante un Bosco que chega con opcións de título Galego á última xornada, pero o máis importante é que, pese á derrota, os de Ángel Riobóo volveron comprobar que na final four, sexa cal for o seu rival, vai ter opcións de conseguir unha praza no Campenato de España que se celebrará en Lugo.

O partido estivo á altura das expectativas, cunha posta en escena marcada polo acerto local co que levou o marcador ata un avultado 25-10 nos primeiros dez minutos.

Lonxe de baixar os brazos ou acusar o excesivo

castigo, Estudiantes púxose o mono de traballo e cun máis 11 no segundo parcial, 11-22, chegou ao descanso cun axustado 45-40.

Ao comezo da segunda parte os lucenses culminaron a remontada poñéndose por diante por primeira vez cun 47-48.

Con todo por decidir chegouse á recta final, na que a falta de 12 segundos Estudiantes sacou brillo á pizarra anotando un tripla co que empataba o encontro, na última xogada Bosco tivo a fortuna de cara e quedouse coa vitoria cunha última canastra sobre a bucina.

O Burela mete a sexta en Vista Alegre

SEXTO TRIUNFO CONSECUTIVO dos de Manolo Cobas na competición

64		42	
CB BURELA		OURENSE	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Diego	10	Martínez	
Carlos	17	Noeiras	
Antón	16	Garza	
Marcos	8	Gorzález	
Pablo		Maside	
Luis	7	Sena	
Álvaro	4	Gullín	
Daniel		Cruz	
Raúl	2	Carrera	



Antón subindo o balón en Vista Alegre

“Todos los jugadores tuvieron una buena actitud” MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

O Academia A Mariña Burela asinou a súa sexta vitoria consecutiva ante Ourense en Vista Alegre, nun partido no que os de Manolo Cobas foron de menos a máis ata ofrecer un nivel de baloncesto moi bo no que todos os xogadores aportaron, incluso os que dispoñen de menos minutos cun último cuarto no que competiron de poder a poder.

A posta en escena foi discreta, permitindo tiros cómodos dun Ourense que atopaba vías para penetrar e anotar con certa facilidade. A partir do segundo cuarto Burela deu un paso á fronte en canto a con-

centración e tralo descanso mantivo a liña ascendente con intensidade en defensa, cargando ben o rebote e con acerto no tiro exterior, tan só co lunar de novo nas baixas porcentaxes de acerto desde o tiro libre.

O Academia A Mariña Burela tamén conseguiu ser máis fiable como equipo que en anteriores encontros, xogando un

baloncesto máis grupal no que todos os xogadores atoparon o seu protagonismo, sentenciando o partido antes do último parcial no que Manolo Cobas deu minutos de calidade a todos os seus xogadores e estes demostraron que están ao nivel que esixe a competición, ao perder por tan só un punto o último cuarto.

Maristas afogou na beira

OS DE RUBÉN ENGROBA quedaron sen opcións ao título Galego na penúltima xornada



Julián subindo o balón ante dous xogadores rivais

62		64	
MARISTAS		NOVOBASKET	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Mauro	2	Hermida	
Néstor	12	Arce	
Samuel N.		De Paz	
David	7	Cainzos	
Gabriel R.	3	Alvarez	
Jorge	4	Cruzado	
Julián	28	Benito	
Gabriel F.	2	Cruz	
Carlos	2	Numary	
		Loureiro	
		Andrade	
		Soneira	

“Fallamos en el partido clave, el rival ha sido mejor”
RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

mellores equipos e clubs de toda Galicia. O desenlace final non empaña para nada unha tempada na que pese a non depender de si mesmos para lograr o ascenso à Liga Galega infantil, preséntanse na última cita con opcións.

O 20-9 do primeiro cuarto no que Novobasket non sacou a pista ao seu mellor quinteto foi un espellismo. xa que os visitantes, conscientes da ausencia de Samuel por lesión, fixaron a súa atención en Julián, que pese a irse aos 28 puntos non puido ser determinante nesta ocasión.

No desenlace final Maristas tivo opcións pero o dominio no rebote do rival decantou por dous puntos o encontro no Anexo.



Néstor tras superar a un rival nun contraataque



David, coa pelota, mira o aro nun lance do encontro



Mauro penetrando a canastra con decisión no Anexo

O título Galego, en xogo o venres

ESTUDIANTES RECIBE AO CELTA a partir das 17:00 horas no Anexo

39		77	
CÍA MARÍA		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Pobao		Laura	
Martínez		María A.	
Alvergand		Ana	
Rivero		María C.	
Hernández		Paula A.	
Vidal		Aroa	
Fernández		Daniela P.	
Castro		Paula L.	
Cabaleiro		Alma	
		Daniela G.	



Ana a piques de lanzar entre dúas rivais

“Afrontamos la recta final muy ilusionadas y preparadas para el último encuentro. Ojalá podamos estar todos juntos por primera vez en varios meses” GEMMA SOUTO Estudiantes

Estudiantes está a corenta minutos de alzarse co título Galego preinfantil feminino. O conxunto que dirixe Gemma Souto recibe ao Celta de Vigo, segundo clasificado, o vindeiro venres a partir das 17:00 horas no Anexo nunha auténtica final.

Unha vitoria e ata unha derrota por menos de oito puntos daríalle ás celestes o campionato da Liga Galega preinfantil. Unha auténtica final na última xornada, para a que Gemma Souto espera xuntar a todo o equipo por primeira vez nos últimos meses. Ante Compañía de María

en Vigo a Estudiantes só lle valía gañar e conseguiron con suficiencia. A posta en escena estivo ata por encima das expectativas e cun bo baloncesto e acerto as lucenses tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 13-26. No segundo cuarto as rotacións permitiron a Estudiantes manter un

ritmo moi alto co que levaron o marcador ata o 17-41 co que se chegou ao descanso.

As locais suscitaron unha defensa pechada ao comezo da segunda parte que Estudiantes rompeu con tiros exteriores e cargando ben o rebote para ampliar a vantaxe ata o definitivo 39-77.

Estudiantes ten que gañar e agardar

NARÓN ten dous partidos por diante e depende de si mesmo

48		55	
MARÍN		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Suárez		Brais	22
Malvar		Dani	
Omil		Leo	4
Villar		Bernal	
Casal		Rozas	
Santamaría		Serguei	9
Castro		Antón	
Pazos		Mario	4
Pons		Isma	
Tomé		Mateo	
		Pablo	8
		Santi	8



O celeste Isma cara a pintura nun encontro no Anexo

“Partido para disfrutar, muy completo y trabajado ante un gran rival como Marín en el que se pudo ver lo mucho que hemos avanzado como equipo a esta temporada” NICO FDEZ. Estudiantes Leyma

Estudiantes sumou unha nova vitoria, a 16 consecutiva na Liga Galega preinfantil masculina coa que os de Nico Fernández chegan à última xornada con opcións de título Galego. As contas pasan por impoñerse a Porriño o vindeiro venres a partir das 12:00 no Anexo e esperar que Narón pinche no dobre compromiso que ten a próxima fin de semana, no que se miden con Novobasket e Marín.

Para chegar con estas opcións à última cita Estudiantes tivo que asaltar a pista de Marín. Un partido que se presentaba complicado e estivo à altura do esperado, pero tamén o

estiveron unha vez máis os celestes.

O primeiro parcial de 5-16 deixou claras as intencións lucenses, pero Marín, que é un gran equipo, non se deixou levar e cun 16-10 no segundo parcial compriu o marcador ata o 21-26

co que se chegou ao descanso. Na segunda parte, a partir dunha gran defensa e boas lecturas en ataque, Estudiantes tomou as rendas de novo cun parcial de 11-17 mentres que no último soubou xogar co marcador para saír vitorioso de Marín.



Maisa López, adestradora de CB Sarria, falando coas súas xogadoras no banquillo do Anexo durante un tempo morto

O quarteto lucense estreáase na Liga Galega de Preminibasket

MARÍA AUXILIADORA E CB SARRIA disputaron os seus primeiros encontros no Anexo, primeira sede da liga feminina. CB Sarria e Estudiantes Rojo debutaron na competición en Ferrol

Esta fin de semana arrincou a Liga Galega Preminibasket, coa disputa das dúas primeiras xornadas en diferentes sedes.

Premini feminina

O Anexo acolleu a estrea da competición feminina na que María Auxiliadora e Adrián Salgado CB Sarria puideron estrearse en terreo coñecido. Un aliciente máis para os dous equipos que teñen na presenza nesta competición o premio a un gran temporada despois de quedaren primeiro e segundo no campionato provincial. Os resultados pasaron a segundo plano nunha xornada preparada sobre todo para disfrutar da competición e aproveitar os encontros para seguir medrando de cara á vindeira temporada.

As colexiais arrincaron a xornada medíndose ao As Pontes, nun partido marcado polos nervios do debut no que as pontesas foron superiores. Si que puideron estrearse o casilleiro ante Baxi Ferrol, nun partido parello no que caeron por seis puntos.

Ante os ferroláns tivo tamén opcións o CB Sarria que, pese a quedar cerca, non puido estrearse cunha vitoria. Tampouco puido vencer despois ao As Pontes, que demostrou ser o equipo

máis forte do grupo.

Premini masculino

A competición masculina comezou para os equipos lucenses, Oribio e Estudiantes Rojo en Ferrol, aos que lles tocou medirse no primeiro partido. Un derbi con vitoria para os sarriaos, 94-60, que lograron o único triunfo lucense na sede. No segundo partido caeron ante Baloncesto Narón. Os estudantes tampouco puideron sumar ante BBKA.

Minibasket feminino

A vindeira fin de semana disputarase o partido de ida da final polo título provincial que medirá a María T. Martínez Dental CB Sarria e Alas de Mariposa CB Burela. O primeiro partido disputarase o sábado no Chanto. As burelás terán a cancha a favor na volta, que se xogará o 26 de maio.

Esta fin de semana disputouse a ida da eliminatoria polo terceiro posto entre Cidade de Lugo e Franciscanos, 51-37. A volta está prevista para o 25 de maio.

Xa resoltos quedaron os duelos polo quinto posto entre CB Viveiro e Estudiantes Celeste, 64-13 para os mariñoas, e pola sétima praza entre Galén Ensino e Fingoi, 66-17 para os colexiais.



Preminibasket Feminino | CB Sarria – As Pontes



Preminibasket Feminino | CB Sarria – As Pontes



Preminibasket Feminino | María Aux. – Baxi Ferrol



Preminibasket Feminino | María Aux. – Baxi Ferrol

QUINTETOS IDEAIS DE CADA CATEGORÍA DE 2ª DIVISIÓN 2018/2019

As mellores xogadoras, xogadores e técnicos das ligas provinciais terán o seu recoñecemento na sexta edición da gala dos Premios Líder ao baloncesto lucense que se celebrará o vindeiro venres, 17 de maio, no auditorio da Facultade de Veterinaria a partir das 19:30 horas.

Os propios equipos elixiron por votación aos mellores da temporada 2018/2019, confeccionando os equipos ideais das categorías infantil, cadete e júnior, tanto masculina como feminina.

O quinteto júnior feminino quedou configurado por xogadoras de CB Ribadeo e Ensino, os dous equipos lucenses clasificados para xogar a segunda fase pola zona alta, xa que tanto San Ciprián como Terra Chá renunciaron a participar nas votacións.

Cidade de Lugo, en junior masculino, e Terrá Chá, en cadete feminino, tamén renunciaron a participar na elección.

Os integrantes de cada quinteto e o seu adestrador recibirán un galardón personalizado, recoñecemento pola temporada realizada cos seus equipos.

Entre elas e eles elixírase á mellor xogadora ou xogador de cada categoría, un premio adicional que se outorgará independentemente do número de puntos que acumulasen nas votacións.

Ademais, os seis elixidos serán candidatos a MVP da temporada, cando as mellores xogadoras e xogadores das primeiras categorías.

Premios aos campións

Ademais dos premios individuais, recoñecerase o mérito colectivo dos equipos que quedaron campións provinciais ata o momento. María Auxiliadora e Oribio Construcciones CB Sarria premini, CBCeltas mini, CB Burela e Sagrado Corazón infantil, CB Ribadeo e San Ciprián cadete e CB Ribadeo e Hierros Ferreiro junior (Quedan por coñecer as campioas de minibasket, un título por disputar nunha final entre CB Sarria e CB Burela)

Durante a gala, presentada por Terio Carrera, haberá tamén música, videos e outras sorpresas. A entrada ao auditorio da Facultade de Veterinaria será libre e gratuita ata completarse aforo.

JÚNIOR 2º DIVISIÓN FEMININA



JÚNIOR 2º DIVISIÓN MASCULINA



CADETE 2º DIVISIÓN FEMININA



CADETE 2º DIVISIÓN MASCULINA



INFANTIL 2º DIVISIÓN FEMININA



INFANTIL 2º DIVISIÓN MASCULINA



O baloncesto lucense vístese de gala

O PRÓXIMO VENRES 17 DE MAIO A PARTIR DAS 19:30 HORAS NO AUDITORIO DA FACULTADE DE VETERINARIA será a gran festa do baloncesto base lucense coa VI Gala dos Premios Líder

A conta atrás xa está activada. O vindeiro venres 17 de maio a partir das 19:30 horas celébrase a VI Gala dos premios Líder ao baloncesto base lucense no Auditorio da Facultade de Veterinaria, en Lugo.

Xa se coñecen os diferentes quintetos e equipos ideais cos seus respectivos adestradores, pero aínda quedan moitas cousas que desvelar.

Ademais dos encargados de entregar os premios, coñecerase aos mellores xogadores e xogadoras da tempada en cada categoría, ao MVP do baloncesto base lucense 2019, aos mellores árbitros da tempada e varias sorpresas reserva-



das para o propio evento.

A Gala será unha vez máis dirixida

polo xornalista e presentador da Televisión de Galicia, Terio Carrera. Todos os premiados terán un trofeo personalizado coa súa silueta e a do resto dos compoñentes do equipo ou quinteto ideal no que saíron galardonados. Ademais, todos eles formarán parte dos vídeos de presentación que se proxectarán ao mesmo tempo que soben ao escenario.

En total, 109 premiados entre xogadores, adestradores e árbitros, repartidos en once categorías. Unha festa do baloncesto base lucense que estará aberta a todo o público con entrada gratuita ata completar o aforo do Auditorio de Veterinaria.

19:30

HORAS INICIO DA GALA A entrada do público será a partir das 19:15 e os premiados accederán ao Auditorio as 19:00 horas

109

PREMIADOS entre xogadores, adestradores e árbitros repartidos en once categorías do baloncesto base lucense

JÚNIOR 1º DIVISIÓN FEMININA | MASCULINA

ANA DE MATÍAS (Estudiantes)	LEBOREIRO (Ensino)	CARMEN (Ensino)	ZELTIA (Estudiantes)	ADRIANA (Estudiantes)	MIGUEL (Ensino)
IAGO (Estudiantes)	JANUSEVICIUS (Estudiantes)	LUCAS (Estudiantes)	MARK (Estudiantes)	MARINA (Ensino)	

CADETE 1º DIVISIÓN FEMININA | MASCULINA

NURIA (Ensino)	LAURA (Estudiantes)	MAITE (Ensino)	NATALIA (Ensino)	YASHINA (Estudiantes)	JAVI PEINÓ (Estudiantes)
ANXO (Estudiantes)	PEDRO (Estudiantes)	OLLOQUI (Estudiantes)	PILLI (Estudiantes)	CLAUDIA (Estudiantes)	

DA CATEGORÍA DE PRIMEIRA DIVISIÓN 2018/2019

premioslider 2019
baloncesto-base lucense

INFANTIL 1º DIVISIÓN FEMININA | MASCULINA



ÓSCAR (Estudiantes)



CRISTIAN (Estudiantes)



JOEL (Estudiantes)



MARTA (Estudiantes)



ANTÓN (CB Burela)



ÁNGEL RIOBÓ (Estudiantes)



MARCOS (CB Burela)



CANDELA (Estudiantes)



CARLOS (CB Burela)



BRAIS (Estudiantes)



IRIA (Estudiantes)

PREINFANTIL 1º DIVISIÓN FEMININA | MASCULINA



SARA (Estudiantes)



NÉSTOR (Maristas)



DIEGO (Estudiantes)



AROA (Estudiantes)



LAURA (Estudiantes)



NICO FDEZ (Estudiantes)



SERGUEI (Estudiantes)



ANA ÁLVAREZ (Estudiantes)



BRAIS (Estudiantes)



JULIÁN (Maristas)



SAMUEL (Maristas)

MINIBASKET 1º DIVISIÓN FEMININA | MASCULINA



CARLOS (Maristas)



ALMA (Estudiantes)



BOSCO (Estudiantes)



BRAIS (CB Sarria)



DANIELA (Estudiantes)



XABI (CB Sarria)



UXÍO (CB Sarria)



NÉSTOR (Maristas)



MARTÍN OTERO (CB Ribadeo)



ALEJANDRO (CB Ribadeo)



MARTÍN FDEZ (Estudiantes)

Bo momento dos celestes

ESTUDIANTES LEYMA asinou a súa segunda vitoria consecutiva antes de recibir na próxima xornada ao líder da competición



Martin e Bosco comentando un lance do xogo durante un dos encontros disputados polos celestes nesta temporada

59 PELETEIRO		105 ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	P
Miguez		Rubén	
Fuentes		Elo	
Turnes		Nayo	
Pérez		Bosco	
Montero		Mesfin	
Morales		Pablo	
Raviña		Diego	
Figueiras		Martin	
Beltrán		Manuel	
Carballal		Samuel	
Bueno		Antonio	
Salgueiro			

Segunda vitoria consecutiva para Estudiantes tras impoñerse en

“Buen partido de todos los jugadores. Estoy contenta con el trabajo del equipo” ZAIDA IGLESIAS Estudiantes Leyma

Santiago a Peleteiro nun encontro dominado polos celestes practicamente de principio a fin.

Coa concentración por bandeira Estudiantes quixo e conseguiu tomar o mando do encontro desde os primeiros minutos, cun parcial inicial de 11-20. Á concentración no xogo uniuse a claridade

de ideas e a boa toma de decisión para chegar ao descanso con 23-48 no electrónico.

Pese a estar o encontro sentenciado, na segunda parte Estudiantes volveu ser regular no seu xogo, con moita aportación de todos os xogadores para dar un novo paso á fronte ata conseguir unha

cómoda vitoria en Santiago de Compostela ante Peleteiro.

Dúas xornadas restan por diante neste Grupo primeiro da Liga Galega de minibasket masculina, nas que Estudiantes recibirá ao líder da competición o vindeiro domingo, un Pío XII Rosalía que tan só conta cunha derrota, e despedirá o curso de novo viaxando a Santiago para medirse con Obradoiro, terceiro clasificado e que aínda opta ao segundo posto.



Xabi López-Acevedo e Alex Páez nun encontro no Anexo

Sarria deu a cara

DERROTA ANTE UN DOS FAVORITOS ao título Galego, con catro dos seis cuartos moi igualados

89 PÍO XII		45 MGR SARRIA	
Xogador	Pts.	Xogador	P
Portabales		Miguel	
Dorreg		Brais	
Hermo		Fausto	
Paz		Mateo L.	
Saavedra		Mateo C.	
Cerveira		Uxio	
Valdés		Xabelo	
Iglesias		Alvaro	
López		Sergio	
Bellón			

“Buen partido de nuestro alevines, excepto el primer y el último cuarto, ante uno de los favoritos al título gallego”

XABI LÓPEZ-ACEVEDO MGR Sarria

Sarria visitou a pista do líder deste grupo primeiro e un dos principais aspirantes ao título Galego na fase final como é Pío XII Rosalía. Os de Xabi López-Acevedo saíron de Santiago coa cabeza moi alta, algo do que poucos equipos poden presumir esta tempada tras medirse cos composteláns.

O primeiro parcial, de 20-5, e o último de 25-4 foron os máis desiguais, nos outros catro Sarria plantou cara e batalla

tanto na pista como no marcador.

No terceiro parcial Sarria quitouse os nervios de encima e con tres tripos sen fallo e bos ataques ata lle endosou un parcial de 13-17 ao líder na súa pista, chegando ao descanso tan só 11 puntos abaixo, pero na recta final o cansazo e a diferenza física pasaron factura.

Culleredo rachou a defensa mariñá

O RÍA DE RIBADEO viuse superado polo potencial ofensivo local

97 CULLEREDO		46 CB RIBADEO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
López		Nacho	1
Iglesias		Andrés	9
Durán		Iván	11
Quintela		Diego	
Okinalde		Martin	4
J. Mtnéz		Zoe	5
A. Mtnéz		Alejandro	7
Noceda		Hugo	9
Iglesias			
Roldán			
Bianco			

A posta en escena e o primeiro parcial de 12-11 facían presaxiar un encontro igualado en Culleredo, onde o Ría de Ribadeo podería loitar pola vitoria. Con todo, a partir do primeiro cuarto, os locais empezaron a atopar vías para anotar demasiado cómodas.

Tanto en ataque estático como en contragolpes, Culleredo anotou excesivamente fácil e con iso foi ampliando a diferenza no marcador con



A ribadense Zoe a piques de finalizar unha xogada

“Nuestro nivel defensivo no estuvo a la altura a lo largo de este encuentro” SAMA CB Ribadeo

28-11 e 19-13 no segundo e terceiro parciais antes de chegar ao descanso.

No intermedio Sama intentou corrixir erros defensivos, pero estes repetíronse na segunda parte, encaixando 22 pun-

tos no cuarto parcial co que o encontro camiñou con paso firme cara o peche de marcador.

Na próxima xornada, a penúltima desta tempada, o Ría de Ribadeo recibirá a Montrove.

O quinto parcial foi determinante

MARISTAS competiu de poder a poder ata o 27-12 na Coruña

81 JESUITINAS		74 MARISTAS	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Acebal		Martin	
Bra		Juan G.	
Baceiras		Nadia	
Bescansa		Maria C.	
Alonso		Jorge	
Beerra		Maria M.	
Bianco		Carlos	
Rodríguez		Javi	
Fernández		Nestor	
Dominquez		Andrés	



Maria C. a piques de facer un pase ao inicio dunha xogada

“Tenemos que ser más regulares en una pista que no reúne las medidas necesarias para este tipo de partidos” ÓSCAR ENGROBA Maristas Lugo

ticas e técnicas por parte de ambos equipos e parciais moi igualados, 10-6, 11-15 e 16-12.

Ao comezo da segunda parte os lucenses deron un paso á fronte e metéronse

de cheo na loita pola vitoria cun cuarto parcial de 9-15, pero no quinto chegou un apagón xeral en Maristas ao encaixar un 27-12 que resultou decisivo no marcador final.

Golpe de autoridade antes da fase final na Estrada

ESTUDIANTES puxo fin á condición de invicto de BBKA cunha vitoria que é unha clara declaración de intencións

Estudiantes, xa coa clasificación asegurada para a Fase Final do campionato Galego de minibasket que se disputará na Estrada, mandou unha declaración de intencións e de potencial aos seus rivais.

O conxunto que dirixe Fernán Varela recibiu no Anexo ao líder invicto desta fase, BBKA, que mordeu o po en Lugo ante un Estudiantes que asinou un dos seus mellores encontros da tempada e o mellor sen dúbida a nivel competitivo.

No partido de ida BBKA impúxose en Ferrol nun encontro no que Estudiantes acusou as ausencias. Neste, con toda a artillería a punto, as lucenses demostraron que son serias candidatas ao título Galego.

Desde os primeiros minutos viuse un nivel de xogo moi alto por parte de Estudiantes, que cargou e pechou ben o rebote, non permitiu ningunha opción de canastra fácil nin tiro liberado e con iso foi tomando o mando no marcador co paso dos minutos.

61		47	
ESTUDIANTES		BBKA	
Xogadora	Pts	Xogadora	Pts
Carlota		Perez	
Nerea		Mouriño	
Lucía		Brena	
Marina		Brañas	
Laura		González	
Eva		Carvajal	
Valle		Baldomero	
Daniela		Porto	
Alma		Vigo	
Henar		Lorenzo	
Paula			

BBKA non tivo capacidade de resposta e viuse superado posiblemente por primeira vez esta tempada, máis que no marcador en sensacións sobre a pista.

A Estudiantes tan só lle faltou un pouco de decisión á hora de atacar o aro rival en estático, pero a superioridade celeste quedou plasmada no marcador final cun 61-47 co que as lucenses revalidaron a súa candidatura de cara á fase final.

Estudiantes despedirá esta fase ante Pío XII Rosalía antes de fixar toda a súa atención na fase final que se disputará na Estrada.

“Fue un partidazo de todas las jugadoras. Compitieron muy bien y disputaron el mejor encuentro de la temporada a nivel competitivo” FERNÁN VARELA Estudiantes Leyma

1ª

DERROTA DO CURSO para BBKA Praia de Doniños. Pese a iso o cadro ferrolán rematará esta fase en primeira posición e manterá o cartel de favorito na fase final que se disputará na Estrada

6

EQUIPOS NA FASE FINAL BBKA, Estudiantes Leyma, Basquet Coruña, Celta, Porriño e Carmelitas son os conxuntos que se citarán na Estrada en busca do título galego de minibasket



Lola na pintura presionada por unha xogadora ferrolá



A celeste Carlota subindo unha acción de contraataque



Laura trata de frear unha acción de ataque de BBKA



A estudiantil Alma correndo una acción rápida



Daniela mira o aro ante a presión dunha xogadora rival

www.liderlugo.es

Todas as fotos da xornada na **WEB**

Cada mércores



O Burela non logrou xogar con continuidade

O EQUIPO MARIÑO amagou varias veces con igualar o encontro, pero B. Coruña mantívose por diante ata o final

45		33	
B. CORUÑA		CB BURELA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Díaz	Sara	17	
Porta	Sabela	6	
Veiguela	Henar	5	
Pérez	Cecilia	3	
Requero	Ainoa	2	
Seisdedos	Sandra		
Díaz	Nuria		
López	Iria		
Fernández	Sofía		
Vázquez	Lucía S.		
Vaamonde	Lucía P.		
	Noa		

“Nunca estuvimos cómodas en el partido. No encontramos nuestro ritmo, ni en defensa ni en ataque”

CARLOS MADAR CB Burela



As burelãs Sabela, Sara, Henar e Sandra

O CB Burela non puido dar continuidade ao bo inicio da Fase de Ascenso que arrancaron cunha vitoria na xornada inaugural ante CB Liceo Noia en Vista Alegre.

O Basquet Coruña foi o primeiro rival a domicilio para as burelãs, que non lograron atoparse co seu xogo no Ventorrillo. A incomodidade na pista das de Madar foi evidente desde o inicio do encontro no que non conseguiron aca-

dar unha continuidade. De feito, as diferenzas oscilaron entre os 3 e os 10 puntos ao longo do partido sen que nunca chegasen a poñerse por diante no electrónico, onde sempre mandaron as coruñesas, que se impuxeron nos catro parciais, 12-7 e 11-4 na primeira metade e 10-9 e 12-8 tras o descanso.

As burelãs tiveron a última oportunidade para loitar pola vitoria e o lide-

rado provisional do grupo a catro minutos para o final do encontro, cando se puxeron a cinco puntos. Sen embargo, volvésselles escapar a posibilidade de seguir recortando e ter

opcións de darlle a volta ao marcador. Así, as coruñesas pecharon o partido levando a diferenza ata os 12 puntos.

O próximo rival das burelãs será o Baxi Ferrol.



David cos seus xogadores nun tempo morto

Unha derrota dolorosa

PARA SAGRADO, que se alonxa da loita pola fase

72		55	
CÍA DE MARÍA		SAGRADO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Fernández	Pau	2	
Serantes	Julían	29	
Montoto	Jorge		
Fernández	Pablo	18	
Caneda	Yishak		
Mouzo	Néstor	5	
Salgado	Carlos	1	
Peña			
Varela			
Boscacci			
Salgado			
Bermúdez			

“Las bajas y las molestias no pueden ser disculpa para jugar con tan poca energía”

RUBÉN ENGRUBA Sagrado

Sagrado Corazón colleitou en Compostela unha derrota dolorosa, por ser ante un rival a priori asequible, parello fisicamente, e por relegalos moi axiña da loita pola fase.

As ausencias condicionaban a posta en escena dos capitalinos desde o inicio, pero o equipo non estivo ao nivel agardado. Con todo, mantiveron

opcións de pelexar polo encontro e manterse con opcións na fase ata o último período, que iniciaron 5 puntos por debaixo no marcador e co mellor quinteto en pista. Foron capaces de poñerse a un punto, pero a quinta persoal de Yishak e Pablo deixou o equipo sen posibilidades de reacción, circunstancia que Compañía de María aproveitou para aumentar a distancia final ata os 17 puntos.

Primeiro asalto da Copa Primavera

CIDADE DE LUGO E SANEAMIENTOS CB SARRIA gañaron os encontros da xornada inaugural do torneo feminino. MGR Sarria e CB Viveiro impuxéronse no masculino



Juanma, adestrador de Cidade de Lugo, dá instrucións aos seus xogadores nun encontro de Liga Regular

Cidade de Lugo e Saneamientos CB Sarria estreáronse con vitoria na Copa Primavera feminina, que botou a andar esta fin de semana. As capita-

linas impuxéronse a Galén Ensino, 57-26, logrando a terceira vitoria da temporada sobre as colexiais, ás que tamén venceran nos partidos da liga. Pols súa

parte, Saneamientos CB Sarria conseguiu darlle a volta aos precedentes e lograr a primeira vitoria da temporada ante Estudiantes Lugo, terceiro clasifi-

cado na competición regular. As sarriás resarcíronse cunha vitoria por tres puntos, 52-55, na cancha da Frigsa.

CB Viveiro e Francisca-

6

EQUIPOS COPA FEMININA

Cidade de Lugo, Galén Ensino e CB Viveiro compiten no grupo Norte. CB Sarria, Estudiantes e Franciscanos no grupo Sur

5

EQUIPOS COPA MASCULINA

MGR CB Sarria, Estudiantes 05 e Cidade de Lugo compiten no grupo I. CB Viveiro e Estudiantes 06 enfróntanse no grupo II

nos estreáronse na competición a vindeira xornada.

Copa masculina

O torneo masculino tamén se puxo en marcha a fin de semana, coa disputa dun partido en cada grupo.

MGR CB Sarria volveu vencer a Estudiantes 05 co que xa se vira as caras na última xornada da competición regular. Os sarriños volveron impoñerse, ratificando as boas sensacións coas que acabaron a tem-

porada. Os de Javi Moya desnivelaron o partido na segunda metade, cunha boa saída de balón e unha defensa sólida que lles deu confianza para poñer terra polo medio no marcador ata o definitivo 30-67.

Máis ampla foi a vitoria do Viveiro ante Estudiantes 06. Os mariñoas, superiores fisicamente, impuxeron o seu ritmo desde o inicio ante os celestes, que non baixaron os brazos pese a pechase a acta en 65-15.

Ribadeo atopou as debilidades do Culle

PERO A FALTA DE COMBUSTIBLE PARA O ÚLTIMO PERÍODO acabou decantando o partido na pista coruñesa

68	35		
KFC CULLE	CB RIBADEO		
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Botana		Sara Fdez.	5
Sánchez		Aldara	4
Segade		Andrea	4
Fernández		Sara L.	11
Rivas		Irene	15
Quiles		Marta	
Baitán			
Mato			
Manzanares			

“Hasta que se agotaron las fuerzas y con sólo seis jugadoras, competimos de tú a tú al mejor equipo de la fase”

JOSE VÁZQUEZ CB Ribadeo

Sabendo que tiña en contra ao equipo máis poderoso da fase, o CB Ribadeo tratou de xogar as súas cartas a un marcador baixo e a estratexia funcionoulles na primeira metade, na que levaron o partido ao seu terreo.

Baixando o ritmo do encontro neutralizaron o poderoso contraataque do Culleredo, que se mantivo por riba no marcador a base de acerto no tiro exterior –as coruñesas

anotaron nove dos quince puntos do primeiro cuarto desde a liña de triplos-. Ao descanso, o electrónico reflectía un axustado 24-20 a favor das locais.

Sen embargo, na segunda metade, o guiñon cambiou. A presión a todo campo do Culleredo, favorecida pola laxitude do criterio arbitral á hora de penalizar as faltas, e os primeiros síntomas de can-



A ribadense Marta Canel nun partido no Anexo

sanzo empezaron a crear fisuras na formulación das ribadenses. O acerto exterior das coruñesas volveu facer estragos –acabaron o encontro con 30 puntos desde a liña de tres-.

Con todo, no terceiro periodo, a figura de Irene sobresaíu para manter o equipo no partido a base de

tapóns, rebotes e puntos, pechándose o parcial cun 19-11.

O encontro romperíase definitivamente no último periodo, con máis interrupcións que xogo e un parcial de 25-4.

O CB Ribadeo agarda xa polo seu vindeiro rival, Compañía de María.



Manuel, CB Ribadeo, defendido por Jaime, Estudiantes

Ribadeo e MGR chegan líderes ao ecuador

DA COPA PRIMAVERA Os ribadenses aupáronse á cima do Grupo I tras gañar dous partidos a domicilio durante a fin de semana, ante Ensino e Estudiantes Azul

CB Ribadeo e MGR Sarria chegan ao ecuador da Copa Primavera como líderes dos seus respectivos grupos tras gañar os tres encontros disputados no torneo.

Os ribadenses asaltaron a primeira praza tras unha fin de semana na que lograron dúas vitorias a domicilio, no aprazado ante Ensino que xogaron o venres e no correspondente á terceira xornada que se disputou o sábado.

Fronte a Ensino, a pesar de non ter un día acertado no tiro, correr tras rebote defensivo permitiulles chegar ao descanso cunha renda cómoda, de 18 puntos, que mantiveron

na segunda parte. A diferenza do día anterior, ante Estudiantes Azul, o partido transcurriu igualado ata o último cuarto, no que romperon o partido levando a diferenza aos 19 puntos.

O MGR Sarria encadeou o terceiro triunfo ante Sagrado Corazón. Un bo parcial no primeiro cuarto, 7-14, alimentou a inercia positiva dos sarriaos, que se mantiveron por diante a pesar da mellora dos capitalinos, con boas fases de xogo ao longo da seguinte media hora.

A outra vitoria da xornada foi para Estudiantes Rojo, que superou a barreira dos cen puntos antes Oral Design.

Hierros repite os mesmos erros

OS CAPITALINOS NON SOUBERON ADMINISTRAR A RENDA de oito puntos coa que foron ao descanso ante Baxi Ferrol, caendo nun partido similar ao da pasada xornada



Dani coa pelota baixo o aro ante a defensa rival

73	84		
HIERROS F.	BAXI FERROL		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Mario		Pita	
Juan	14	Díaz	
Adrián	13	Couce	
Miguel	4	Fernández	
Julían	10	Vara	
Martin	8	Oliva	
Mateo		Rodríguez	
David	9	Arias	
Alex	1		
Dani	14		
Pablo			

“Tenemos que intentar que el poco acierto en ataque no condicione nuestra defensa”

ÓSCAR ENGROBA H. Ferreiro

Hierros Ferreiro non acaba de tomarlle o pulso á Copa Primavera júnior. Os capitalinos deixaron escapar este sábado no Anexo a posibilidade de lograr a primeira vitoria da competición.

Tras as malas sensacións do primeiro partido, os capitalinos parecían reencontrarse consigo mesmos, defendendo e anotando en contraataques aínda que a falta de acerto no tiro exterior e nos tiros libres minimizase a renda coa que chegaron ao descanso, 42-33.

Sen embargo, o cambio defensivo de Baxi Ferrol, que na segunda metade saíu cunha zona press a todo o campo, empezou a poñer en apuros ao equipo lucense, no que reapareceron as perdas de balón da primeira xornada do torneo.

42-33

AO DESCANSO

Hierros Ferreiro non puido manter a vantaxe coa que chegou ao descanso. A falta de intensidade defensiva penalizou aos de Engroba, que acabaron caendo por nove puntos de diferenza



David trata de superar a presión dun contrario



Juan coa pelota nunha acción de ataque de Hierros

Así, os ferroláns conseguiron no terceiro periodo un parcial de 9-25 co que lograron darlle a volta ao marcador. A distancia non era insalvable, pero os erros no tiro exterior e a falta de intensidade defensiva deixou sen opcións a Hierros, que volveu ceder o último parcial, 22-26.

Os capitalinos visitan a BBCA na derradeira xornada do torneo.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Planet Mini

A TERCEIRA CONCENTRACIÓN SERÁ O PRÓXIMO 1 DE XUÑO no Pazo dos Deportes, de novo baixo a dirección do adestrador lucense Álex Polo

A terceira concentración de Planet Mini celebrarase, baixo a dirección de Alex Polo, o vindeiro sábado 1 de Xuño, esta vez no Pazo dos Deportes como escenario, habilitando un total de tres pistas de xogo, baixo unha programación habitual de adestramentos en horario de mañá e competición en horario de tarde.

Varias serán as novidades desta terceira concentración, ao abanico de idades habitual de anos de nacemento: 2007, 2008 e 2009, uniremos á xeración 2006, como froito ao traballo realizado ao longo do ano e lanzadeira da próxima tempada para algún dos participantes. Doutra banda, a competición da tarde asemellarase á propia competición oficial, con encontros contra os equipos do club invitado que participará nas categorías mini e preinfantil. Para rematar, contaremos coa visita dun xogador profesional referencia para os máis pequenos, cuxo nome será sorpresa ata a última semana. Os horarios da concentración serán de 11:00 a 19:00, con parada para comer, e as normas de inscrición as habituais. Bastará con enviar un mail a planetminilugo@gmail.com antes do 26 de maio e seguir unhas fáciles instrucións que se enviarán.

PLANET MINI

ANOS 2007, 2008 e 2009

dirixido por ALEX POLO

NOVIDADE
ANO 2006

3ª CONCENTRACIÓN

01 XUÑO

PAZO DOS DEPORTES
DE 10:00 A 19:00 HORAS

inscricións e + info:

planetminilugo@gmail.com

@PlanetL

- ★ VISITA DE XOGADORES PROFESIONAIS
- ★ ADESTRAMENTOS TÉCNICOS
- ★ COMIDA E AUGA INCLUIDAS
- ★ COMPETICIÓN CONTRA CLUBES CONVIDADOS
- ★ AGASALLO DE ROUPA DEPORTIVA
- ★ PRAZAS LIMITADAS



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

